

Os pobos prerromanos da Península ibérica (pobos do sur e do Levante, meseteños e do occidente peninsular)

Baixo esta denominación, agrúpanse aqueles pobos e culturas que existiron na Península ibérica con anterioridade á chegada dos romanos. Enmarcados en xeral dentro da segunda Idade do Ferro (a partir do século VI a.C.), tiveron como trazo común o **hábitat en núcleos fortificados** e localizados en zonas de fácil defensa. Son os seguintes:

A cultura tartesa. Alcanzou o seu apoxeo entre os séculos VIII e VII a.C. na Andalucía occidental e a Baixa Estremadura. A súa economía sustentábase na minaría (extracción de prata, cobre e ouro) e nas actividades metalúrxicas do bronce, como testemuñan os tesouros votivos conservados (El Carambolo, Sevilla). Foi, ademais, un importante centro de comercio internacional que conectou os fenicios e gregos asentados no sur e leste cos pobos do oeste peninsular. Pero a partir do século VI a.C. o esgotamento das minas, a introdución do ferro e o crecente poder cartaxinés provocaron a súa decadencia.

A cultura ibérica. Desenvolveuse no sur da Península e na costa mediterránea entre os séculos VII e II a.C. Estaba formada por un conxunto de pobos independentes (Ilerxetes, Edetanos, Turdetanos...) que compartían o seu gran desenvolvemento político, económico e cultural, resultado das relacións e influencias recibidas das colonias fenicias (Gadir, Malaka), gregas (Emporion, Rhode) e cartaxinesas (Ebusus, Cartago Nova) establecidas ao longo da costa mediterránea e meridional. Os pobos iberos caracterizáronse polo exercicio dun intenso comercio e a acuñación de moeda; a existencia dunha sociedade moi xerarquizada; a organización en ciudades-Estado ao fronte das cales adoitaba existir un rei; e un gran desenvolvemento cultural, co uso da escritura e a existencia dunha arte predominantemente relixiosa ou funeraria con representacións humanas e animais de gran beleza (Dama de Elche, Dama de Baza).

A cultura celta e celtibérica. Estendeuse polo interior peninsular e formouse a partir das influencias célticas e indoeuropeas chegadas á Península ibérica a comezos do primeiro milenio. Integraba a diversos pobos (Vacceos, Carpetanos, Vetóns...) que se adicaban prioritariamente á gandaría e tiñan un elevado nivel técnico no traballo do metal (armas de ferro e ourivería). Malia a escaseza de fontes para o seu estudo, suponse que a súa sociedade se organizaba en tribos e que non coñecía a escritura. Nalgunhas zonas, entre o val do Douro e do Ebro, adoptou trazos culturais ibéricos, polo que recibiu o nome de celtibérica.

A cultura castrexa. Desenvolveuse no noroeste peninsular entre os séculos VIII a.C. e I d.C. a partir dun substrato indíxena do final do Bronce sobre o que actuaron influencias indoeuropeas e celtas. O seu elemento máis significativo é o castro, poboado fortificado que acolle construcións domésticas de planta redondeada realizadas en pedra. Os pobos castrexos eran grupos independentes, aliados ou enfrontados entre sí, de carácter agrícola e gandeiro, aínda que tamén destacaron na metalurxia (ourivería: torques, arracadas, fíbulas). Non se coñece ben a súa organización, pero debía existir unha xerarquización notable. Tras a conquista romana, evolucionou dando lugar á cultura galaicorromana.

Por último, cómpre sinalar a presenza dos **vascóns**, un pobo de orixe pouco coñecida pero asentado no norte peninsular dende o Paleolítico e caracterizado polo seu illamento e o

HISTORIA DE ESPAÑA
PREGUNTA TEÓRICA 2

mantemento de formas culturais propias, entre as que destaca a súa lingua.